



INDICE

1. Táboa resumo	2
2. Obxecto	2
3. Alcance	2
4. Responsabilidades	2
5. Entradas	3
6. Saídas	3
7. Procedementos vinculados a esta/s actividade/s	3
8. Diagrama de fluxo	4
9. Desenvolvemento	5
9.1 Elixir a zona repoboar	5
9.2 Estudo da zona que se vai repoboar	5
9.3 Estudo de localizacións para biótopos	5
9.4 Elaboración de biótopos e/ou aproveitamento de galerías	6
9.5 Botar os coellos	6
9.6 Seguimento da repoboación	6
9.6.1 Análise e solución de causas	7
10. Definicións	7
11. Formatos e referencias	7

DATA DE ENTRADA EN VIGOR

Realizado:

Revisado e aprobado:



1. TÁBOA RESUMO

SECTOR/ES	AGRICULTURA, GANDERÍA, CAZA E ACTIVIDADES DE SERVIZOS RELACIONADOS
SUBSECTOR/ES	CAZA, CAPTURA DE ANIMAIS E REPOBOACIÓN CINEXÉTICA, INCLUÍDAS AS ACTIVIDADES DE SERVIZOS RELACIONADOS
ACTIVIDADE/S	CAZA, CAPTURA DE ANIMAIS, REPOBOACIÓN CINEXÉTICA, ETC.
GUÍA/S DE ACTIVIDADE	EMPRESAS DE SERVIZOS DE XESTIÓN E ORDENACIÓN CINEXÉTICA
TIPOLOXÍA DO PROCESO	ESPECÍFICO
PROCESO	REPOBOACIÓN DUNHA ESPECIE CINEXÉTICA (COELLO)
RESPONSABLE/S PROCESO	RESPONSABLE DA REPOBOACIÓN
PROCEDEMENTOS VINCULADOS	NON APLICA
ENTRADAS	NECESIDADE DE REPOBOAR COELLO NUNHA ZONA DO TECOR (TERREO CINEXETICAMENTE ORDENADO)
SAÍDAS	REPOBOACIÓN DE COELLO EFECTUADA

2. OBXECTO

O obxecto deste procedemento é describir os pasos que se seguen á hora de levar a cabo a repoboación dunha especie cinexética, o coello, nunha zona determinada do TECOR.

3. ALCANCE

Este proceso abarca os recursos dispostos e as actividades levadas a cabo no proceso de repoboación de coello nunha zona.



Actividades ás que afecta este proceso

Este proceso afecta a actividades de caza, captura de animais, repoboación cinexética, etc.

4. RESPONSABILIDADES

- Responsable da repoboación: é o encargado das tarefas de repoboación.

5. ENTRADAS

O proceso comeza coa identificación da necesidade de repoboar unha zona do TECOR cunha especie cinexética (coello).

6. SAÍDAS


O proceso remata coa finalización da repoboación de coello na zona seleccionada.

7. PROCEDIMENTOS VINCULADOS A ESTA/S ACTIVIDADE/S

Non Aplica.

8. DIAGRAMA DE FLUXO

RESPONSABLE DA REPOBOACIÓN



9. DESENVOLVEMENTO

9.1 ELIXIR A ZONA A REPOBOAR

Primeiramente debe seleccionarse a zona do TECOR na que se vai levar a cabo a repoboación, tendo en conta para isto a densidade da especie en dita zona que se obtén, ben co censo desta especie ou ben a través dun control visual no lugar.

9.2 ESTUDO DA ZONA QUE SE VAI REPOBOAR

Unha vez elixida a zona, debe percorrerse avaliando factores como:

- A cantidade de maleza existente.

No caso de que haxa moita maleza no lugar seleccionado, deben realizarse rozas (non moi anchas) para que os coellos poidan moverse sen problemas, ter fácil acceso á comida e lles dea o sol.

- Que as galerías existentes na zona sexan útiles para a repoboación.

9.3 ESTUDO DE LOCALIZACIÓNS PARA BIÓTOPOS

Antes de botar os coellos, é necesario habilitar un lugar que lles sirva de refuxio e que favoreza a súa adaptación. Para iso, estúdase a zona buscando as localizacións máis axeitadas tendo en conta as seguintes consideracións:

- Mellor situalos nunha faldra/ladeira dun monte que nunha elevación.
- Deben buscarse terreos secos, xa que a humidade favorece a aparición de enfermidades, e orientados preferiblemente cara ao nacente (máis soleado).
- Elixir localizacións que estean dispersas na zona que se vai repoboar, previndo así que se perda a totalidade do coello botado por enfermidade (contaxio), ataques, etc.
- Buscar lugares con saída cara a un camiño, pista, roza, etc., que favorezan o movemento e a adaptación da especie na zona.

9.4 ELABORACIÓN DE BIÓTOPOS E/OU APROVEITAMENTO DE GALERÍAS

Para crear os refuxios pódense aproveitar galerías de coellos antigas que haxa na zona, modificándolas de maneira que as súas entradas e saídas sexan de difícil acceso para depredadores como o raposo e limpándolas ben.

No caso de non contar con galerías ou non ser suficientes, créanse biótopos, de pequeno tamaño preferiblemente, facéndolles varias entradas e saídas e cubríndoos con pedras/maleza/terra/etc. formando un montículo.

9.5 BOTAR OS COELLOS

Esta operación debe realizarse con meticulosidade, distribuíndo os coellos de xeito proporcional nas galerías e biótopos dispostos para tal fin, botando ao redor de 6-8 pezas en cada un deles (se as súas dimensións o permiten).

Ademais, a relación macho:femia botada debe ser maior en femias que en machos, para favorecer a reprodución da especie.

9.6 SEGUIMENTO DA REPOBOACIÓN

Por último, lévase a cabo un seguimento dos coellos botados durante 20 días, observando se van ben a través dos sinais/rastros detectados nos biótopos ou nas galerías.

9.6.1 Análise e solución de causas

De non ver sinais recentes deles ou atopalos mortos, estúdanse as posibles causas que puideron eliminalos, que habitualmente soen ser dúas:

- Depredación (raposo, aguia rateira).
- Enfermidade.

No primeiro caso, analízase a identidade do depredador en cuestión e se hai un número elevado do mesmo, redúcese para que non interfira na repoboación.

Se o que sucedeu foi consecuencia dunha peste ou outra enfermidade, desinféctanse ben as galerías e os biótopos.

Unha vez identificado o problema e actuado sobre el, repítese a operación de botar os coellos e procédese de novo segundo os pasos descritos.

10. DEFINICIÓNS

- **TECOR** (Terreo Cinexeticamente Ordenado): Área do territorio galego susceptible de aproveitamento cinexético que fose declarada e recoñecida como tal pola Resolución da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e na que a poboación cinexética ten que estar protexida e fomentada, aproveitándose de xeito ordenado.
- **Biótopo**: territorio ou espazo vital cuxas condicións ambientais son as axeitadas para que nel se desenvolva unha determinada comunidade de seres vivos.

11. FORMATOS E REFERENCIAS

Non aplica.